

**Finanzas internacionais**

A. RAHNEMA  
Barcelona: Deusto. 2007  
[395 páxinas]

*Recibido:* 17 de outubro de 2007  
*Aceptado:* 8 de novembro de 2007

A dinámica e competitiva economía actual supuxo un incremento substancial do nivel de capacidades e de habilidades esixidas aos xestores das empresas que operan no ámbito internacional. Este proceso de globalización económica implica a necesidade de analizar e de formular alternativas estratéxicas válidas nos diferentes e, ás veces, moi dispares mercados de actuación. Baixo este contexto, a área financeira convértese en peza clave na xestión do complexo proceso de transición e na consolidación dun ámbito de actuación local e internacional. Deste modo, a maximización do valor empresarial implica a toma de decisións financeiras, como a selección de fontes de financiamento ou a definición dunha política de dividendos, que requiren unha análise fundamentada no coñecemento actualizado e profundo de novas técnicas e produtos para a xestión internacional.

*Finanzas internacionais* constitúe un manual básico para o xestor dunha empresa multinacional, ao presentar de maneira sinxela e práctica as diferentes análises, explicacións e reflexións sobre a actividade financeira no ámbito mundial. Deste modo, Rahnema presenta un marco conceptual básico para comprender e xestionar as finanzas internacionais nas áreas de xestión de riscos, oportunidades de negocio e imperfeccións de mercado, todas elas dimensións básicas na área financeira.

Ao longo do primeiro capítulo realízase unha descrición da balanza de pagamentos como documento contable que rexistra as transaccións económicas dun país co resto do mundo. Deste modo, identifícanse e explícanse as súas principais compoñentes, así como os factores máis relevantes que lle afectan, isto é, a taxa de inflación, a renda nacional, o tipo de cambio e as políticas gobernamentais. A parte final dedícase ás principais institucións e axencias especializadas orientadas á supervisión e á mellora das relacións económicas internacionais, coma o Fondo Monetario Internacional ou o Banco Mundial.

Os sistemas monetarios son o eixe de estudo nos capítulos segundo e terceiro. No primeiro deles realízase unha descrición do sistema monetario internacional actual, con referencia á súa evolución histórica e ás perspectivas de futuro; no segundo, Rahnema céntrase nun estudo máis polo miúdo do sistema monetario europeo, facendo un pequeno balance dos cinco anos de existencia do euro como moeda oficial.

Logo do estudo teórico das relacións económicas internacionais, o capítulo cuarto presenta as relacións de equilibrio entre os mercados reais e financeiros co-

ñecidas como *paridades básicas*. O obxectivo do autor é concretar de forma máis detallada os determinantes da variable tipo de cambio, que centrará capítulos posteriores. Consecuentemente, a temática de estudo nos capítulos quinto e sexto serán os mercados de divisas, a orixe do tipo cambio e os produtos derivados, utilizados para neutralizar o risco cambiario por case o 90% das grandes empresas, segundo datos do ISDA (*International Swaps and Derivatives Association*) para o ano 2003.

Analizada a complexidade do desenvolvemento da actividade nun contexto internacional e formuladas as principais magnitudes que hai que considerar, no capítulo sétimo expóñense as liñas e o marco de actuación para unha adecuada xestión global do risco. Así, os tres capítulos seguintes céntranse na análise dos diferentes niveis de exposición cambiaria (contable, transaccional e económica, respectivamente), presentando técnicas de xestión e cobertura para eles. A temática destes capítulos está xustificada na medida en que a inadecuada xestión do risco de cambio foi sinalada como a terceira ameaza para o éxito do desenvolvemento internacional da actividade nunha recente enquisa a directivos realizada por *Princewaterhouse* e polo *Wall Street Journal*.

Dado que todo proceso de internacionalización empresarial alcanza o seu maior nivel coa apertura de filiais exteriores, os capítulos once e doce consideran os esquemas de análise necesarios para poder avaliar estes complexos procesos de investimento directo exterior. Partindo da exposición e da crítica dos modelos existentes para os investimentos locais, o autor define as modificacións que hai que considerar nun proxecto transnacional. Dado que o risco asociado a estes é maior cando o país de destino está suxeito a unha contorna macroeconómica inestable, o segundo destes capítulos céntrase en examinar esta cuestión para economías emerxentes.

Considerado o investimento exterior, no capítulo trece estúdase o financiamento en mercados globais. Nunha primeira parte revísanse os determinantes do custo efectivo do endebedamento en divisa, e nunha segunda parte o financiamento mediante a emisión de accións en mercados internacionais. Conclúese coa explicación da técnica de *project finance* para grandes proxectos exteriores.

Logo dun profuso exame do tipo de cambio, o capítulo catorce examina outra variable relevante: o tipo de xuro, presentando un marco xeral para entender a súa operativa e evolución. Partindo da formulación dos conceptos básicos referidos á terminoloxía, ao valor no tempo do diñeiro e á estrutura temporal, explícanse os tipos de xuro de referencia máis importantes nos mercados financeiros coma o IRPH ou o euribor, este último especialmente considerado nos préstamos hipotecarios.

O penúltimo capítulo de *Finanzas internacionales* dedícase á presentación de Basilea II, o novo marco de regulación para as entidades financeiras de todo o mundo, que ten prevista a súa plena implantación para o mes de xaneiro do ano 2008. En particular, analízase o seu potencial impacto sobre o financiamento tanto en termos de condicións coma de custo, enfocado á pequena e á mediana empresa dada a gran relevancia destas na economía europea.

Unha boa planificación fiscal é clave para as empresas multinacionais, xa que afecta a decisións financeiras tales como a determinación do custo de capital. Por

este motivo o manual conclúe co estudo da fiscalización. Deste modo, preséntanse os principios fundamentais das diferentes políticas fiscais internacionais dos países, e analízanse cun maior detalle as normas aplicables no mercado español.

Rahnema expón de forma sinxela e sistemática os retos fundamentais que deben ser superados na xestión financeira da empresa que opera no ámbito mundial. A formulación de simples supostos ou casos de empresas, a presentación de bibliografía complementaria e específica ao termo de cada capítulo e a incorporación de temática actual de gran relevancia, como a nova regulación para entidades financeiras (Basilea II), permiten que o lector obteña unha completa visión da realidade financeira nun contexto global. Así e todo, resultaría interesante poder incorporar a ampla tipoloxía de produtos financeiros e de modelos de xestión que xorden nos dinámicos mercados financeiros para responder a unhas maiores e máis complexas necesidades empresariais.

En definitiva, *Finanzas internacionales* constitúe unha boa fonte bibliográfica para aqueles que desexen aproximarse ao estudo das novas oportunidades e ameazas suscitadas á dirección financeira suxeita a unha economía global e altamente competitiva.

MARÍA MILAGROS VIVEL BÚA  
Universidade de Santiago de Compostela